

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490
CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

a) Introducción

Xustificación da necesidade da realización do Plan de Mellora

Neste Curso 23-24 presenteime como novo Director do centro para substituír a outro compañeiro Director por xubilación. Como en anos anteriores no proxecto de Dirección expoñíanse, a través do análise DAFO, as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades desta comunidade educativa e resultado deste análise establecíanse en áreas de mellora de todos os ámbitos, xa que todos son susceptibles de mellora. Para cada un dos ámbitos e/ou áreas de mellora establecín: Obxectivos, liñas de actuación, indicadores de logro, recursos e temporización.

Os ámbitos para os que se establecen melloras son:

- Coeducación. Seguir avanzando e promovendo a igualdade de trato e oportunidades para nenos e nenas
- Recurso humanos: Continuar coa implicación de todos os sectores que integran a nosa comunidade educativa.
- Recursos materiais. Continuar coa a mellora dos recursos materiais.
- Xestión pedagóxica- documentos do centro. Seguir actualizando os documentos que forman o PEC.
- Órganos de xestión-dirección do centro. Seguir potenciando a implicación e participación dos membros do Consello Escolar e Claustro cunha xestión económica clara e transparente.
- Relacións co entorno e comunicación social. Seguir colaborando coas administracións educativas e con outras organizacións na mellora da calidade educativa.

Para acotar o plan de mellora esbozado e que figura no proxecto de dirección mencionado, e axeitalo a esta convocatoria de Contrato-programa (Innova) imos centrarnos na modalidade 3. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables. (EDUsaúde).

Destacar que todos os cursos a través do proxecto proposto polo equipo da biblioteca (estamos no PLAMBE dende fai 14 anos), toda a comunidade educativa se sumerxe nun proxecto de traballo e a maioría das actividades desenvolvidas neste curso xiran entorno a el: saídas escolares, festival de Nadal, Entroido...Ademais cada clase a través dun laborioso e atractivo proceso elabora un proxecto de investigación documental. Así en cursos anteriores o proxecto da biblioteca dirixiunos á gastronomía, á diversidade cultural, ao mar, ás olimpiadas, á música, o patrimonio de Galicia, a ciencia, as aves, a astronomía, a pegada ecolóxica,...e este curso 23-24 "Vida Saudable".

Dende fai 5 cursos e paralelamente a ese proxecto da biblioteca, participamos e desenvolvimos un programa educativo de Contratos-Programa, modalidade 5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia sobre a temática elixida no proxecto da biblioteca. A experiencia de completar o traballo proposto pola biblioteca coa participación no Contrato-Programa mencionado foi moi valorada pola comunidade educativa, xa que permitiu profundizar no proxecto anual traballado e financiar actividades que contribuíron a incrementar os coñecementos sobre a ciencia as aves e a pegada ecolóxica (temática dos catro últimos cursos).

Respecto da formación no centro, nos cursos pasados desenvolvimos un PFPP con 2 itinerarios: Un sobre Aprendizaxe Baseado en Proxectos (ABP) e outro sobre a Elaboración do Plan Dixital.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490
CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

b) Análise DAFO

1. Debilidades

RESPECTO DO PLAN DE MELLORA DO CENTRO

Aspectos mellorables nas instalación do centro:

- Cambiar portas de seguridade de saída ao patio.
- Cambio fiestras dobre cristal.
- Instalacións moi frías a pesar do considerable gasto en calefacción.
- Servizo de limpeza e conserxería mellorable.
- Actualizar e/ou elaborar documentos.
- Agrupación de alumnado en grupos mixtos de diferente nivel: 2 niveis de infantil, 1º e 2º e 5º e 6º cursos de primaria agrupados.

RESPECTO DESTE PLAN DE MELLORA SOBRE "A VIDA SAUDABLE":

- Dar maior información á Comunidade de aspectos importantes organizativos e de desenvolvemento sobre este Plan
- Tentar de mellorar/cambiar aos poucos determinados vicios adquiridos co paso do tempo.

2. Fortalezas

RESPECTO DO PLAN DE MELLORA DO CENTRO

- Bo clima e convivencia escolar
- Aumentamos en dúas unidades o noso centro polo incremento aos poucos do número de alumnado matriculado o que leva a un aumento do profesorado e á división dalgunha aula mixta.
- Boa disposición, coordinación e implicación do profesorado
- Estabilidade do profesorado.
- Boa actitude do alumnado
- A totalidade do alumnado promociona en cada curso e ao final da etapa
- Excelente desenvolvemento dos plans e/ou proxectos desenvolto no centro:
- Excelente proposta de actividades de complementarias e extraescolares
- Excelente funcionamento dos equipos: de biblioteca, normalización, actividades complementarias
- Aceptable oferta de recursos materiais; aulas e espazos, mobiliario, sinal de internet, etc...
- Bo funcionamento dos servizos complementarios, especialmente o comedor (persoal e menús)
- Boa colaboración familias

RESPECTO DESTE PLAN DE MELLORA SOBRE "A VIDA SAUDABLE":

- Boas relacións entre todos os membros da comunidade educativa
- Implicación nos proxectos educativos do centro por parte de toda a comunidade educativa
- Interés no alumnado e no profesorado por proxectos innovadores.
- As agrupacións do alumnado en grupos mixtos de diferente nivel tamén pode ser unha fortaleza xa que o alumnado maior estimula a aprendizaxe dos/as máis pequenos/as.
- Actividades e prácticas que se desenvolven no centro: horto escolar, participación dende varios cursos reclicaxe, aforro enerxético, merendas sen plásticos e con produtos de cercanía...
- Plans nos que participa o centro: Voz natura, merendas saudables

3. Ameazas

RESPECTO DO PLAN DE MELLORA DO CENTRO

- Pouca natalidade que provocou que se reducirá a matrícula e número de unidades no centro.
- Insuficiente asignación, por parte das administración autonómica e local para mellora das instalación do centro

RESPECTO DESTE PLAN DE MELLORA SOBRE "A VIDA SAUDABLE":

- As propias ameazas que están todos os días nos medios de comunicación sobre o Fast Food

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490
CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

- O pouco tempo que se lle adica nas casas a levar a cabo certas recomendación de nutrición e alimentación saudable.
- Imposibilidade moitas veces a ser estricto e coherente coas ensinanzas feitas sobre estes temas.

4. Oportunidades

RESPECTO DO PLAN DE MELLORA DO CENTRO

- A pouca matrícula favoreceu clases menos numerosas facilitando unha educación máis individualizada
- A aportación económica que fan ao centro algunhas familias que fan gardas de comedor e a través da ANPA do cole. Eso permite a realización de actividades: excursións, actuacións culturais,

RESPECTO DO PLAN DE MELLORA DO CENTRO

- A pouca matrícula favoreceu clases menos numerosas facilitando unha educación máis individualizada
- A aportación económica que fan ao centro as familias que fan gardas de comedor. Eso permite a realización de actividades: excursións, actuacións culturais,

RESPECTO DESTE PLAN DE MELLORA SOBRE "A VIDA SAUDABLE":

- A aprobación e desenvolvemento deste contrato-programa permitiría:
- Implementar proxectos innovadores e mellorar a calidade educativa do centro.
- Financiar actividades e obradoiros moi interesantes para o alumnado
- Realización de visitas a determinados lugares relacionados coa temática exposta.
- Recibir charlas de divulgadores sobre Vida Saudable, Nutricionistas, etc: Angel Carracedo, algún deportista da zona, etc...
- Incrementar a curiosidade, coñecementos e prácticas do alumnado para coidar a súa alimentación e mellorar o exercicio físico.
- Incrementar as competencias básicas en nutrición, alimentación e deporte.

c) Obxectivos do proxecto

Indiquen os obxectivos que pretenden acadar co desenvolvemento do presente Plan de Mellora

- Poñer en práctica conceptos educativos sobre alimentación e vida saudable a través dunha dieta equilibrada e dunha práctica deportiva continúa, a fin de capacitar ao alumnado para adquirir un comportamento alimenticio responsable.
- Familiarizar ao alumnado cos alimentos, pirámide alimenticia, deportes básicos, imprescindibles para combater o fast food ou comida basura e que aportan beneficios de carácter saudable e emocional.
- Conseguir un plan e prácticas alimentario e deportivo no centro que permita a redución e/ou a xestión eficaz para elaborar aspectos para o desenvolvemento dunha vida saudable.
- Concienciar ao alumnado e ás familias sobre a necesidade de levar uns hábitos de hixiene e saúde responsables sobre todo nos primeiros anos de vida que levarán a unha educación para a súa madurez.

d) Indicadores de logro do Plan de Mellora

Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique ata un máximo de 5.

Estes indicadores refírense aos ámbitos sinalados no Plan de Mellora que se presentou co proxecto dedirección.

- O 50% dos campos de xogo son para nenos e outro 50% para as nenas
- O 90% do profesorado participa nos diferentes plans de formación e proxectos do centro
- O 60% do alumnado mostra un grao de satisfacción nas actividades nas que participan
- O 50% das familias participan nas actividades do centro nas que son invitadas
- O 70% dos membros da comunidade educativa mostra un grao de satisfacción polas relacións de convivencia no centro.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490
CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida

a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.

- Realización de obradoiros de Ciencia en Movemento coa súa actividade "Quérete, códate e supérate" e outras actividades de concienciación sobre a vida saudable a hixiene corporal e a actividade física.
- Participación en algunha actividade do programa de educación ambiental ofertados polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) de cara á mellora da saúde.
- Visita a algún parque natural.
- Recreos sen residuos.
- Continuar co horto escolar: Instalación de rego por goteo e realización dun composteiro.
- Recollida dos alimentos do horto escolar para elaboración dos menús do comedor escolar.
- Plantación de árbores nas zonas verdes do patio.
- Realizacións escritas e artísticas coa temática da saúde.
- Realización de experimentos nas aulas.
- Análise publicitaria e creación de carteis.
- Celebracións de conmemoracións
- Día Universal da Infancia-Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Día das Artes Galegas.
- Día Internacional da Muller.
- Día Internacional dos Bosques (21 de marzo) -Día Mundial da Reciclaxe (17 de maio)
- Día Europeo da Rede Natura 2000 - Día Europeo dos Parques Naturais (21 e 24 de maio)
- Día Mundial do Medio ambiente (5 de xuño): mercadillo solidario produtos elaborados polo alumnado para unha vida mellor.
- Día Mundial da Árbore.
- Semana do libro, en especial adicados a nutrición e outros aspectos para mellorar a nosa vida.
- Semana das Letras Galegas-Día Mundial do Medio Ambiente.
- Semana da Prensa: reportaxes audiovisuais e noticias impresas sobre actividades deportivas de elite ou de lecer e como interveñen no noso día a día.
- Elaboración por parte de todo o alumnado un proxecto documental colectivo por aula sobre Vida Saudable.
- Lecturas informativas e/ou visionado de películas e documentais sobre Vida Saudable.

b) Indique o número de alumnado co que vai traballar (de non participar ningún, indique

01. Número de alumnos que van participar

34

02. Número de alumnas que van participar

32

03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas)

66

c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490
CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Grupos que van participar nesta modalidade

Nesta actuación participará todo o alumnado do centro.

- Educación infantil 22 alumnos
- 1º e 2º cursos de primaria (14 alumnos).
- 3º e 4º cursos de primaria (20 alumnos).
- 5º e 6º cursos de primaria (10 alumnos).

d) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

Indique o horario no que se desenvolverán as actividades e/ou medidas, así como a temporalización prevista das mesmas ao longo do curso.

As actuacións sinaladas no apartado C desenvolveranse en horario lectivo (entre 10.00 e 16:30 horas).

e) Orzamento

Indique a cantidade de recursos económicos que solicita para desenvolver esta modalidade do Plan de Mellora

1000

f) Indicadores

Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.

- 70% do alumnado participante mellora os resultados do alumnado nas competencias clave traballadas
- 60% do alumnado de primaria coñece fontes relativas á Vida Saudable.
- 60% do alumnado de infantil coñece e pon e práctica actividade respetuosas como medio ambiente para a mellora da saúde.
- 80% de todo o alumnado do centro realiza accións para coidar o medio: merendas sen residuos, merendas saudables sen plástico (botella de aceiro, fiambreira), actividades deportivas ao aire libre, medidas de hixiene corporal e dental.
- 60% do alumnado aprende a ser consciente da importancia que ten a nosa actividade no cuidado do corpo e a mente.

g) Compromisos adquiridos

Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora

O centro e todo o profesorado comprométese e desenvolver este Contrato-Programa ao longo do curso escolar 23-24 a través da realización das actividades indicadas anteriormente e doutras que poidan xurdir a medida que avanza o curso escolar.

h) Profesorado implicado

Indique o número de docentes que van participar activamente nas distintas medidas e/ou actividades desta modalidade

12

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490
CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Indique os equipos ou departamentos participantes.

Todo o centro está implicado. Todo o profesorado e todos os equipos: biblioteca, dinamización da lingua galega, actividades complementarias, orientación, novas tecnoloxías, Departamento Deporte Escolar e Actividades Físicas, etc...

Álvarez Basanta, Ana

Arnejo Berdullas, Patricia (Secretaria)

Correa Noya, Lara

Fernández Leiva, José David (Director)

Ferreirós Gómez, Anabel

Gómez Freire, Laura

Lago Pérez, María Manuela

Mato Collazo, Óscar

Pérez Fernández, Ángela

Pérez Piñeiro, Laura

Rial Rial, Rosario

Trillo Grille, Cristina

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15008490

CENTRO: CEIP Víctor Sáenz - Mazaricos - A Coruña

PROGRAMA: Contratos-Programa Innova 2023/24

ESTADO: Trámite

VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: